

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Corrección de erros.-Orde do 16 de novembro de 2005 pola que se clasifica de interese social a Fundación Deportiva Municipal A Illa de Arousa.*

Advertido erro na citada orde, publicada no DOG nº 232, do 2 de decembro de 2005, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 19.176, columna segunda, punto 4, onde di: «O padroado da fundación estará integrado por....», cómpre engadir a José Carlos Agra Paz como vogal.

#### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

*Corrección de erros.-Orde do 15 de decembro de 2005 de actualización das tarifas dos servizos de transporte de viaxeiros regulares permanentes de uso xeral.*

Advertidos erros na Orde do 15 de decembro de 2005 de actualización das tarifas dos servizos de transporte de viaxeiros regulares permanentes de uso xeral, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do día 30 de decembro de 2005, cómpre facer as correccións que deseguido se indican:

Na páxina 20.560, no artigo 1º punto 2, onde di: «A dita revisión tarifaria realizarase a conta da que resulte no ano 2005 como consecuencia da revisión á que fai referencia o artigo 19.5º da Lei de ordenación dos transportes terrestres, realizándose esta última sobre as tarifas vixentes o 1 de abril de 2004», debe dicir: «A dita revisión tarifaria realizarase a conta da que resulte no ano 2006 como consecuencia da revisión á que fai referencia o artigo 19.5º da Lei de ordenación dos transportes terrestres, realizándose esta última sobre as tarifas vixentes o 1 de abril de 2005».

*Resolución do 3 de xaneiro de 2006, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se convocan probas para a constatación da capacitación profesional para o exercicio das actividades de transportistas por estrada, axencia de transporte de mercadorías, transitario e almacenista-distribuidor.*

A Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, determinan que para o exercicio das actividades de transportistas de viaxeiros e mercadorías por estrada, de axencia de transporte de mercadorías, transitario e almacenista-distribuidor, se deberá acreditar previamente o

cumprimento do requisito de capacitación profesional. Para estes efectos, e de conformidade co establecido na Lei orgánica 5/1987, do 30 de xullo, pola que se delega na Comunidade Autónoma de Galicia a competencia para a convocatoria, realización e avaliación das probas e posterior expedición do título, procede convocar aquelas, así como determinar as datas de celebración das probas.

A Orde ministerial do 28 de maio de 1999 (BOE nº 139, do 11 de xuño), de desenvolvemento do capítulo primeiro do título II do regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, sobre condicións previas para o exercicio das actividades de transportista e auxiliares e complementarias do transporte, modifican o réxime das probas para a obtención da capacitación profesional, refundindo e establecendo unicamente as modalidades de transporte interior e internacional de mercadorías e a de transporte interior e internacional de viaxeiros.

Por iso, a convocatoria prevé as probas referidas a dúas modalidades actualmente vixentes de acceso á capacitación profesional (1. Transporte interior e internacional de viaxeiros e 2. Transporte interior e internacional de mercadorías).

Na súa virtude, de conformidade coas previsións contidas na Lei 16/1987 e na Lei orgánica 5/1987, do 30 de xullo, no Real decreto 1551/1988, do 23 de decembro (BOE nº 311, do 28 de decembro), no Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro (BOE nº 260, do 30 de outubro) e na Orde ministerial do 28 de maio de 1999 (BOE nº 139, do 11 de xuño) e de acordo coa autorización conferida pola orde da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas do 8 de xuño de 1989 (DOG nº 119, do 22 de xuño),

#### DISPOÑO:

Artigo único.-Convócanse probas de capacitación profesional para o exercicio das actividades de transportista por estrada, de axencia de transporte de mercadorías, transitario e almacenista-distribuidor, de acordo coas seguintes

#### Bases

Primeira.-Ámbito das probas.

Convócanse probas de constatación da capacitación profesional para o exercicio das actividades de transportista por estrada, de axencia de transporte de mercadorías, transitario e almacenista-distribuidor; que se celebrarán na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda.-Exercicios.

Os exercicios de que constarán as probas, a súa estrutura, forma de cualificación e áreas de coñecemento serán as establecidas na orde do Ministerio de Fomento do 28 de maio de 1999 (BOE nº 139, do 11 de xuño), reguladora das devanditas probas.

Terceira.-Solicitudes.

1. A instancia en que se solicita tomar parte nas probas debidamente cuberta, de conformidade co modelo que se xunta a esta resolución (anexo I), presentarase no rexistro xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, sita no edificio administrativo de San Caetano, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, ou por calquera dos medios previstos no disposto na vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro,

de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta convocatoria.

2. Á solicitude deberase xuntar a fotocopia do DNI vixente, achegando, se é o caso, xustificante acreditativo da súa renovación e o impreso de taxa autoliquidación correspondente á Administración. Só se admitirá que o domicilio sexa distinto ao que aparece no documento cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Que o aspirante acredite mediante certificado orixinal de empadramento, no cal deberá figurar a data de alta no padrón municipal, que tivo o seu domicilio en lugar distinto polo menos 185 días naturais do último ano, contados ata o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes para concorrer ás probas.

b) Que o aspirante acredite que, aínda que tivese o seu domicilio en lugar distinto menos de 185 días do último ano, se viu na obriga, por razóns familiares ou profesionais, de mudar a súa residencia. Esta derradeira circunstancia non se entenderá cumprida cando se trate dunha estadía temporal nunha localidade para a realización dunha actividade de duración determinada. A asistencia a unha universidade, escola ou centros docentes non implicará o traslado da residencia habitual. Nestes supostos, xunto ao certificado orixinal de empadramento, entregárase a documentación oportuna (a título de exemplo: certificado do centro de traballo ou copia do contrato de traballo).

3. A consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación fornecida polos aspirantes sancionárase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

Cuarta.-Dereitos de exame.

1. De conformidade co anexo 2 da Lei 6/2003, do 9 de decembro (DOG nº 240, do 11 de decembro), Lei 8/2003, do 23 de decembro (DOG nº 251, do 29 de decembro), os dereitos de exame fíxanse na cantidade de vinte euros con sete céntimos (20,07 €), por cada unha das actividades mencionadas a que cada interesado se presente, e ingresaranse unha vez cubertos os impresos de taxas (Consellería de: PTOPT, Cod.: 08; Delegación de: SS.CC., Cod.: 13, Servizo de: Transportes, Cod.: 02; Denominación: dereitos exame capacitación; Clave: 31.01.06), que se poderán obter nos servizos centrais da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, nos servizos provinciais de transportes ou nas delegacións provinciais da dita consellería.

2. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes procederá á súa revisión.

Rematando o proceso, exporase nos taboleiros de anuncios dos organismos a que fai referencia o punto anterior a lista provisional de admitidos e excluídos con indicación do motivo da súa exclusión.

3. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ao da exposición da devandita lista para poderen emendar, se é o caso, o defecto que motivou a súa exclusión.

4. Á vista das peticións de emenda presentadas, a Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se anuncia a exposición pública das listas definitivas de admitidos e excluídos nos organismos a que fai referencia o número 1 da base cuarta, podendo obter información chamando ao teléfono 981 54 45 90.

5. Devolveranse os dereitos de exame aos solicitantes excluídos definitivamente das probas, sempre que no prazo dun mes contado a partir da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución de referencia no número 4 da base cuarta, sexa solicitado segundo o modelo que figura nesta resolución como anexo II.

Quinta.-Tribunal, datas e lugar dos exames:

1. O nomeamento dos membros do tribunal cualificador das probas farase público na mesma resolución pola que se aproben as listas definitivas de admitidos e excluídos, da cal se dará conta no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Para efectos de cualificación, e de conformidade co Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG nº 122, do 25 de xuño), cualificarase o tribunal como de categoría primeira.

3. Calendario, horario e lugar.

Os exercicios terán lugar o día 6 de maio de 2006 no Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia, San Lázaro s/n, Santiago de Compostela, co seguinte horario:

9.30 h: transporte interior e internacional de mercadorías para aqueles aspirantes dos cales a primeira letra do primeiro apelido estea comprendida entre as letras A-H (ambas inclusive).

16.30 h: transporte interior e internacional de mercadorías para aqueles aspirantes dos cales a primeira letra do primeiro apelido estea comprendida entre as letras I-Z (ambas inclusive).

9.30 h: transporte interior e internacional de viaxeiros para aqueles aspirantes dos cales a primeira letra do primeiro apelido estea comprendida entre as letras I-Z (ambas inclusive).

16.30 h: transporte interior e internacional de viaxeiros para aqueles aspirantes dos cales a primeira letra do primeiro apelido estea comprendida entre as letras A-H (ambas inclusive).

As portas do recinto abríranse 30 minutos antes da hora fixada para o inicio dos exercicios, procedéndose ao seu comezo na hora sinalada. Os aspirantes deberán acudir provistos de bolígrafo de tinta azul, DNI e o xustificante acreditativo do pagamento da taxa.

Os aspirantes presentaranlle ao tribunal correspondente no momento do comezo dos exercicios o orixinal do seu documento nacional de identidade.

O enderezo que figure na solicitude considerarase como único válido para efectos de notificación, sendo responsabilidade exclusiva do solicitante tanto o erro na súa consignación, como a comunicación á Dirección Xeral de Transportes de calquera cambio nel.

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2006.

José Carlos Baños Márquez  
Director xeral de Transportes

## ANEXO I



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA TERRITORIAL,  
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES  
Dirección Xeral de Transportes

PROCEDEMENTO <b>PROBAS PARA A OBTENCIÓN DA CAPACITACIÓN PROFESIONAL PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE DE TRANSPORTE POR ESTRADA E OPERADOR DE TRANSPORTE</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>OT312A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

## A. DATOS DO/DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS		DNI Nº	
<b>ENDEREZO</b>			
RÚA			Nº
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

## B. PROBAS A QUE SE PRESENTA

- TRANSPORTE INTERIOR E INTERNACIONAL DE MERCADORÍAS.
- TRANSPORTE INTERIOR E INTERNACIONAL DE VIAXEIROS.

(Sinale cunha cruz o cadro/s que corresponda)

A este impreso xuntaráse a fotocopia do DNI e do de liquidación de taxas, que poderá recollese na Dirección Xeral de Transportes, servizos provinciais de Transportes ou delegacións provinciais da CPTOPT, facendo constar:

CONSELLERÍA : CPTOPT.  
CÓD.: 06.  
DELEGACIÓN : SS.CC.  
CÓD.: 13.  
SERVIZO DE: TRANSPORTES.  
CÓD.: 02.  
DENOMINACIÓN: DEREITOS DE EXAME PROBAS CAPACITACIÓN TRANSPORTISTA.  
CLAVE: 31.01.06.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 3 de xaneiro de 2006, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se convocan probas para constatación da capacitación profesional para o exercicio das actividades de transportistas por estrada, axencia de transporte de mercadorías, transitario e almacenista-distribuidor.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO SOLICITANTE	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA / /
	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Presidente do tribunal cualificador das probas de capacitación profesional para a actividade de transportista.  
Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.  
Dirección Xeral de Transportes. Praza de Europa 5 A 2ª planta. Políg. das Fontiñas - Santiago de Compostela

ANEXO II



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE  
POLÍTICA TERRITORIAL,  
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES  
Dirección Xeral de Transportes

PROCEDEMENTO <b>DEVOLUCIÓN DE TAXAS DE DEREITOS DE EXAME PARA A OBTENCIÓN DA CAPACITACIÓN PROFESIONAL PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE DE TRANSPORTISTA POR ESTRADA E OPERADOR DE TRANSPORTE</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>OT312B</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**A. DATOS DO/DA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS		DNI Nº	
<b>ENDEREZO</b>			
RÚA			Nº
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

**SOLICITO:**

A devolución dos dereitos de exame das probas de capacitación de transportista.

**B. DATOS DA ENTIDADE BANCARIA**

ENTIDADE	SUCURSAL	D.C.	NÚMERO CONTA
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Resolución do 3 de xaneiro de 2006, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se convocan probas para a constatación da capacitación profesional para o exercicio das actividades de transportistas por estrada, axencia de transporte de mercadorías, transitario e almacenista-distribuidor.</i></p>
<p>SINATURA DO SOLICITANTE</p> <p>_____ de _____ de _____</p>

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

Director Xeral de Transportes.  
Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.  
Dirección Xeral de Transportes. Praza de Europa 5 A 2ª planta. Políg. das Fontiñas - Santiago de Compostela

**CONSELLERÍA DE TRABALLO**

*Resolución do 23 de decembro de 2005, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo do sector do comercio da pel.*

Visto o texto do convenio colectivo do sector do comercio da pel, con nº de código 3600335 que tivo entrada no rexistro único do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo o día 13-12-2005, subscrito en representación da parte económica pola *Asociación Provincial de Empresarios de Comercio de la Piel de Pontevedra*, e da parte social, polas centrais sindicais CC.OO. e UGT, con data 7-12-2005. De conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º, do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

**ACORDA:**

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, existente nesta delegación provincial, e a notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o seu depósito no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 23 de decembro de 2005.

Pedro Borrajo Rivas  
Delegado provincial de Pontevedra

Convenio colectivo provincial para  
o sector do comercio da pel

Capítulo I  
Unidades de negociación

Artigo 1º.-Partes asinantes.

Son partes asinantes do presente convenio as centrais sindicais Comisións Obreiras (CC.OO.) e a Unión Xeral de Traballadores (UGT), en representación dos traballadores e a *Asociación Provincial de Empresarios do Comercio da Pel*, en representación dos empresarios do sector.

Capítulo II

Ámbito, vixencia e duración

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

O presente convenio regula as relacións laborais entre empresarios e traballadores, en todas as empresas da provincia de Pontevedra, integradas ou non en asociacións empresariais legalmente constituídas e dedicadas á actividade do comercio da pel.

Artigo 3º.-Vixencia.

Este convenio entrará en vigor aos dez días da súa sinatura con independencia da súa publicación no BOP, se ben os efectos económicos do primeiro ano de vixencia do convenio se retrotraerán ao 1 de xaneiro de 2005.

Artigo 4º.-Duración e prórrogas.

Terá unha duración de tres anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 2005, finalizando os seus efectos o 31 de decembro de 2007.

Entenderase prorrogado tacitamente por períodos anuais, sempre que por calquera das partes non sexa denunciado cunha antelación mínima de tres meses antes da data do seu vencemento ou de calquera das súas prórrogas, debendo darse traslado da denuncia ás asociacións afectadas polo presente convenio.

Capítulo III

Xornada, vacacións, horas extras e licenzas

Artigo 5º.-Xornada de traballo.

A xornada laboral máxima ordinaria será de corenta horas semanais de traballo efectivo que se realizarán segundo o horario de traballo seguinte:

a) Horario de verán: do 1 de xuño a 30 de setembro.

-Mañás: das 9.45 ás 13.30 horas.

-Tardes: das 16.30 ás 20 horas.

Neste período o presente horario de traballo realizarase de luns a sábado pola mañá, comprendendo, en consecuencia, o descanso semanal de día e medio, a tarde do sábado e o día completo do domingo, de acordo co previsto no artigo 37.1º do Estatuto dos traballadores.

Dito o anterior, cómpre sinalar que en cada establecemento o empresario poderá chegar a acordos con todos ou algúns dos seus traballadores para a prestación de servizos os sábados pola tarde; neste caso os traballadores terán dereito ao descanso compensatorio correspondente polo traballo nas tardes deses sábados.

b) Horario para o resto do ano.

-Mañás: das 10 ás 13.30 horas.

-Tardes: das 16.15 ás 20 horas.